

# II TRAVESÍA A NADO RÍO LÉREZ 24



Concello  
de Pontevedra



## 1. ORGANIZACIÓN

Correrá a cargo do Club Natación Galaico e do Servizo Municipal de Deportes do Concello de Pontevedra.

## 2. NORMATIVA E CONTROL

A proba está dentro do Circuito Galego de Augas Abertas polo que rexerá polo presente regulamento e a normativa oficial en vigor de Augas Abertas da Federación Galega de Natación. A proba estará controlada, en calquera cuestión arbitral, polo Comité Galego de Árbitros/as da Federación Galega de Natación.

## 3. CATEGORÍAS

Todas as categorías da mesma distancia saírán conxuntamente. En caso de que o número de participantes sexa o axeitado, por motivos de seguridade, daranse saídas separadas.

COMPETICIÓN DO XX CIRCUITO GALEGO DE AUGAS ABERTAS 24						
CATEGORÍA	Idade		Distancia	Tempo de corte	Cámara Saída	Saída
	Menor	Maior				
MASTER	1	2004	2500 m	90 min dende a saída	18:30h	18:45h
	2	1984				
	3	1974				
	4	1964				
ÉLITE		2010	Anteriores	15 min dende o primeiro/a en meta		

COMPETICIÓN FORA DO XX CIRCUITO GALEGO DE AUGAS ABERTAS 24							
CATEGORÍA	Idade		Distancia	Tempo de corte (dende a saída)	Cámara Saída	Saída	
	Menor	Maior					
MASTER	1	2004	2.500m	90 min	18:30h	18:45h	
	2	1994					
	3	1984					
	4	1974					
	5	1964					
	6	1954					
POPULAR		2006	Anteriores				
PROMOCIÓN			1.250m	40 min	17:30h	17:45h	
INFANTIL		2010	2009				
ALEVÍN		2012	2011				
BENXAMÍN		2014	2013	200m			
PREBENXAMÍN		2020	2015	100/50m	30 min	20:15h	20:30h
INCLUSIVA	A consensuar coa Organización						

## 4. CALENDARIO E HORARIO XERAL DO 2024

16 de xuño (domingo)	23:59h	Fin do 1º prazo de inscrición (cambio de tarifa).
17 de xuño (luns)	00:00h	Inicio do 2º prazo de inscrición (xa non se poderá escoller talla da camiseta).
<b>17 XULLO (MÉRCOR.)</b>	<b>23:59H</b>	<b>FIN ABSOLUTO DO PRAZO DE INSCRICIÓN</b>
27 de xullo (sábado)	12:00 a 17:30h	Recollida de dorsais de todas as categorías.
27 de xullo (sábado)	17:30h	Cámara saída Infantil, Alevín e Promoción.
	17:45h	Saída Infantil, Alevín e Promoción.
27 de xullo (sábado)	18:30h	Cámara saída Élite, Másters e Popular.
	18:45h	Saída Élite, Másters e Popular.
27 de xullo (sábado)	20:15h	Cámara saída Benxamín, Prebenxamín e Inclusiva.
	20:30h	Saídas Benxamín, Prebenxamín e Inclusiva.
27 de xullo (sábado)	21:00h	Entrega de premios

## 5. PERCORRIDOS

O percorrido será na ría de Pontevedra, na desembocadura do río Lérez, entre a praia fluvial de Monte Porreiro e a Illa das Esculturas, en auga salobre.

As probas de 2.500m (Elite, Máster e Popular) serán de dúas voltas a un circuíto de 1.250m, e nas probas sobre a distancia de 1.250m (Alevín, Infantil e Promoción) serán a unha volta, comezando sempre dende a auga fronte á praia fluvial (agarrados a unha corda ata a orde de saída); o primeiro treito será subindo cara ao mosteiro de San Bieito ata unha boia situada xusto despois da ponte. A baixada será pola marxe da Illa das Esculturas, tendo que deixar todas as boias do percorrido a man esquerda. A meta (e o paso cara a segunda volta) será na auga nun arco flotante, que terase que tocar obrigatoriamente coa man na que levan o chip.


# PERCORRIDO 2500 m/1250 m





A proba da categoría **Benxamín (200m)** tamén dará comezo dende a auga fronte a praia fluvial (agarrados a unha corda ata a orde de saída); o primeiro treito será de baixada tendo que deixar as


## PERCORRIDO 200 m



boias do percorrido a man esquerda ata a boia situada a 100m da saída. A subida será pola marxe da praia fluvial ata a meta que estará na auga, nun arco flotante (amarrado nas escaleiras da praia), que terase que tocar obrigatoriamente coa man na que levan o Chip.

As probas **Prebenxamín e Inclusiva (50-100m)** deseñarase un circuío na praia fluvial, e a chegada será lugar nun arco flotante que terase que tocar obrigatoriamente coa man na que levan o Chip (no caso de levar Chip). O percorrido na proba Inclusiva dependerá das condición dos/as deportistas inscritos/as unha vez analizada a información facilitada á Organización das adaptacións do nadador/a.

## PERCORRIDO 100 m



### 6. NORMATIVA TRAXES DE BAÑO

En todas as categorías, agás PreBenxamín e Inclusiva, serán de rigorosa aplicación a Normativa de Augas Abertas da Federación Galega de Natación (FEGAN) no referente á utilización de traxe de baño e de

neopreno. Si seguindo as normas da FEGAN fora obrigatorio usar neopreno no momento da saída, e o nadador/a non desexa voluntariamente utilizalo, poderá nadar pero só optará a premios da Travesía e non puntuará no Circuito Galego de Augas Abertas da FEGAN (sempre seguindo as instrución do equipo arbitral).

	TEMPERATURA DA AUGA					
	≤ 17°C		18°C e 19°C		≥ 20°C	
	OBRIGATORIO		OPTATIVO		PROHIBIDO	
USA O NEOPRENO DURANTE A TRAVESÍA?	SI	NO	SI	NO	SI	NO
PUNTÚA NO CIRCUITO GALEGO AUGAS ABERTAS?	SI	NO	SI	SI	NO	SI
RECIBE PREMIOS DA TRAVESÍA?	SI	SI	SI	SI	NO	SI

## 7. INSCRICIÓNS E PREZOS

As inscricións realizaranse a través da plataforma <http://www.championchipnorte.com>, agás a categoría Inclusiva que está reservada a nadadores/as con discapacidade física, psíquica ou sensorial que contactarán directamente con [galaico@cngalaico.com](mailto:galaico@cngalaico.com)

A inscrición inclúe organización, montaxe da zona de natación e en terra, animación musical, cronometraxe, vídeo chegada, control de tempos en directo con envío de información instantánea ao teléfono móbil de cada participante (tempo en meta, posto, clasificación, ritmo), camiseta de agasallo para os primeiros 400 inscritos/as (só se escollerá talla nas inscricións ata o 16 de xuño), fotografías, redes sociais, seguro de accidentes, seguro de responsabilidade civil, avituallamento posterior á competición, reserva de estacionamento autorizado, servizo de rescate e control na auga (socorristas, piraguas, lanchas, moto de auga), premios, medalla finalista, arbitraje, ambulancia e médico/a.

PREZO		PreBe.	Benxa.	Alevín	Infant.	Promo.	Popul.	Máster	Elite	Inclusi.
1º Prazo	Ata o 16/Xuño	05€	10€	15€	20€	20€	25€	25€	25€	0€
2º Prazo	Dende 17/Xuño	05€	15€	20€	25€	25€	30€	35€	35€	0€
A non devolución do chip e/ou “porta chip” prestado será penalizada con 15€ contra a tarxeta bancaria usada na inscrición.										

## 8. OUTRAS ACTIVIDADES

Dende as 12.00h haberá animación musical, espazos de xantar e bebida, e ao remate da premiación entregaranse os agasallos sorteados entre todos os dorsais recollidos. Anunciaranse, durante toda a tarde os dorsais premiados no taboleiro de anuncios e pola megafonía.

## 9. SISTEMA DE ACCESO AO PARKING RESERVADO

Todas as persoas inscritas teñen dereito a estacionar 1 vehículo persoal nun espazo reservado en exclusiva para deportistas (ata completar o aforo) dende as 12.00h e ata as 23.00h, xunto á praia fluvial. Para estacionar o día da proba os deportistas terán que inescusablemente:

1. Acceder só pola av. Bos Aires (dende a Ponte dos Tirantes de Pontevedra) cara á Praia Fluvial de Monte Porreiro (o resto de accesos estarán pechados).
2. No control de acceso, inescusablemente amosar a inscrición confirmada (impresa ou no teléfono) porque a pedirán antes de acceder ao recinto reservado.
3. Recibirase unha acreditación que obrigatoriamente hai que deixar á vista no interior do parabrisas do vehículo (a policía local pode revisar e sancionar en caso de incumprimento).
4. Unha vez dentro haberá que estacionar obrigatoriamente á esquerda da vía, xusto detrás do coche que estivera xa estacionado por diante. De ningún xeito, en ningún momento, poderase cambiar o sentido de circulación (dar a volta ao coche dentro do recinto reservado), só poderase seguir avanzando e circular polo carril habitual (o dereito), e saír pola rotonda de Monte Porreiro.



## 10. PREMIACIÓN

A premiación será ás 21.00h e será o último acto deportivo da Travesía, polo que pregamos encarecidamente que as persoas gañadoras e o público estivera presente. No caso das persoas premiadas terán que portar polo menos camiseta, suadoiro,... oficial do Club ao que pertencen.

En caso de que a persoa premiada non estivera presente na premiación, non recibirá o premio nin o agasallo, agás que deixe responsable a outra persoa (preferentemente do mesmo xénero) que cumprindo as indicacións anteriores, suba á zona de premiación no momento do chamamento.

PREMIACIÓNS DA II TRAVESÍA A NADO RÍO LÉREZ PONTEVEDRA 2024			
CATEGORÍA	Élite	Máster 1, 2, 3, 4, 5, 6 e Popular	Promoción, Infantil, Alevín, Benxamín, Prebenx. e Inclusiva
<b>PREMIOS</b>	1º/a – Premio + Agasallo 2º/a e 3º/a – Premio + Agasallo 4º/a e 5º/a - Premio  Premio 1º/a no primeiro paso de 1250m - Agasallo	1º/a, 2º/a e 3º/a – Premio  1º nadador/a en meta Máster/Popular – Premio + Agasallo  Premio especial para o/a deportistas de máis idade	1º/a, 2º/a e 3º/a – Premio



Ao remate da premiación entregaranse os agasallos sorteados entre todos os dorsais recollidos. Anunciaranse, durante toda a tarde os dorsais premiados no taboleiro de anuncios e pola megafonía.

## 11. OUTROS ASPECTOS

---

- Habará un límite de 100 participantes por saída.
- Os/as nadadores deberán colocar o chip no lugar indicado pola empresa de cronometraxe.
- No caso de que a proba non se poda organizar por razóns de forza maior, trasladarase a outra data. En calquera caso, o Club Natación Galaico comprométese á devolución do importe da inscrición.
- A inscrición individual na travesía implica a plena aceptación do presente Regulamento.
- Esta proba está engadida no Calendario Oficial do Circuito Galego de Augas Abertas Federación Galega de Natación, mediante a súa inscrición o nadador/a consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a confirmación da existencia da licenza federativa de tempada, da inscrición no Circuito Galego de Augas Abertas, e outras tramitacións exclusivamente deportivas. En todo caso e tal como establece a Lei de Protección de Datos, o/a interesado pode exercer en calquera momento os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo-e a [galaico@cngalaico.com](mailto:galaico@cngalaico.com)
- O/a participante autoriza a toma e uso de fotografías por parte da organización, sempre sexan para promoción da natación, do propio evento, ou do Club Natación Galaico, sen contraprestación para o/a participante.
- A persoa inscrita autoriza que os seus datos básicos figuren en listaxes públicos (listaxes de saída, listaxes de dorsais, listaxes de resultados,...) para a organización da proba, así como de ser necesario, anunciar os datos persoais básicos tamén pola megafonía do evento deportivo.
- Calquera concepto non arbitral fora deste Regulamento, quedarase baixo o criterio da Organización.